

MEDIDAS INCENTIVADORAS PARA A XUBILACIÓN VOLUNTARIA DO PROFESORADO DOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

(Aprobadas por acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2006)

Artigo 1.- Ámbito de aplicación e obxecto do acordo

O profesorado a tempo completo dos corpos docentes universitarios que estea en condicións de solicitar a xubilación voluntaria por cumprir os requisitos esixidos para iso na lexislación vixente, terá dereito a percibir unha indemnización, segundo as dispoñibilidades orzamentarias, nos termos establecidos no seguinte artigo:

Artigo 2.- Incentivo de carácter económico

1. A contía da indemnización determinarase da seguinte forma:
 - a. Calcularase a diferenza entre as retribucións brutas anuais do/a profesor/a (excluídas, de ser o caso, as percepcións por cargos académicos) e a pensión máxima anual que poida percibir de conformidade coa Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano correspondente.
 - b. A contía resultante multiplicarase polo número de anos que lle falten ao/á profesor/a para cumprir os setenta anos.
2. A cantidade correspondente á indemnización percibirase mensualmente rateando a súa contía anualmente.
3. O dereito a percibir a indemnización existirá durante o tempo en que o/a profesor/a perciba a pensión de xubilación e, como máximo, até a finalización do curso académico en que cumpra os setenta anos.
4. Os/as profesores/as que desexaren ser beneficiarios/as da medida que se regula neste acordo deberán formalizar, de conformidade co establecido no artigo 1 do RD 1859/1995, do 17 de novembro, a solicitude de xubilación voluntaria tres meses antes da data en que se acade a idade correspondente. A efectividade da xubilación estará referida, en cada caso, á finalización do curso académico.
5. Para os efectos da súa previsión nos orzamentos da Universidade da Coruña, realizaranse consultas con antelación suficiente aos/ás profesores/as que puidesen ser beneficiarios desta indemnización por estaren en condicións de solicitar a xubilación voluntaria. Estas consultas terán carácter simplemente informativo e realizaranse sen ningún compromiso.

Artigo 3.- Nomeamento como profesor honorario

Os profesores que solicitaren a xubilación voluntaria poderán continuar vinculados á docencia e á investigación na UDC como profesores honorarios.

Terán a condición de profesores honorarios aqueles profesores xubilados que, tras seren nomeados polo reitor por proposta do Consello de Departamento ou da Xunta de Centro, desenvolvan sen contraprestación tarefas de colaboración de docencia ou de investigación na UDC.

As actividades do profesor honorario poderán ser, de colaboración na docencia non regrada, de coordinación institucional ou investigadoras.

As propostas de profesor honorario incluírán a motivación da proposta en termos docentes e científicos, o *curriculum vitae* da persoa proposta e a xustificación dos beneficios que a actividade proposta pode supor para a UDC.

Os candidatos propostos para profesores honorarios deberán reunir algún dos seguintes requisitos:

- . Ter avaliados positivamente 2 sexenios de investigación.
- . Ter dirixido 3 teses de doutoramento
- . Ter sido investigadores principais de 3 proxectos de investigación
- . Posuír tres anos de antigüidade en labores de coordinación de cursos, prácticum, prácticas en empresas, intercambio de estudantes etc.
- . Tres anos de antigüidade en desempeño de cargos de xestión.

O nomeamento como profesor honorario será por períodos de dous anos renovables e non supón ningún tipo de relación contractual, laboral ou administrativa, coa Universidade da Coruña.

Artigo 4.- Acceso aos beneficios do fondo de acción social

Os profesores que solicitaren a xubilación voluntaria ao amparo deste acordo terán dereito a acceder aos beneficios das medidas que se establezan con cargo ao fondo de acción social, como se estivesen en servizo activo.

Os profesores poderán aproveitarse dos beneficios deste dereito até que cumpran a idade de setenta anos.

Artigo 5.- Acceso á condición de profesor emérito

Os profesores que solicitaren a xubilación voluntaria manterán o dereito a seren nomeados profesores eméritos nas condicións legalmente establecidas, aínda que a indemnización prevista neste acordo se reducirá en proporción ao tempo que reste desde a data de posesión como profesor emérito e o cumprimento dos setenta anos.

Disposición derradeira

O establecido neste acordo será de aplicación ao profesorado que solicite a xubilación voluntaria a partir do presente curso 2005/2006.